

Materia / Módulo	<b>Xeografía e Historia</b>	Páx.	1
Curso / Ciclo	<b>Curso 2019-20 - 3º ESO</b>		
Profesor/a responsable	<b>María Saavedra Ricoy</b>		

## CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

### 1º PARCIAL:

- **Os grandes descubrimentos xeográficos:** O marco cronolóxico. Características deste novo período histórico. Causas dos grandes descubrimentos xeográficos. Os descubrimentos. Viaxes e viaxeiros. Consecuencias dos descubrimentos.
- **O inicio da Idade Moderna, finais do s. XV- s. XVI:** As monarquías autoritarias. Os Reis Católicos. Transformacións demográficas, económicas e sociais. Cambios e conflitos relixiosos. As manifestacións culturais: Humanismo e Renacemento.
- **O s. XVII:** Os réximes políticos: as monarquías absolutas fronte aos sistemas parlamentarios. A poboación e a economía. A sociedade: a pervivencia dunha sociedade estamental; o pulo da burguesía. As manifestacións culturais: pensamento científico e Barroco.

### 2º PARCIAL:

- **A organización política e territorial do Estado español.** As Comunidades Autónomas, provincias e municipios. Identificación e localizar nun mapa de España as Comunidades Autónomas e as provincias.
- **A actividade económica:** os sectores de actividade. Os axentes económicos e as súas relacións: empresas, familias e Estado. Os factores de produción: recursos naturais, capital, tecnoloxía e traballo. Os sistemas económicos. Tendencias económicas actuais e globalización.
- **Sector primario:** as súas actividades. O espazo rural. Factores físicos e humanos que condicionan a actividade agraria. Os elementos das paisaxes agrarias. A variedade dos sistemas de cultivo (monocultivo/policultivo, secaño/regadío, agricultura intensiva/extensiva...). A agricultura desenvolvida fronte á tradicional. Os sistemas gandeiros. A pesca.
- **Sector secundario:** as súas actividades. Materias primas e fontes de enerxía. A evolución da actividade industrial. Os tipos de industria e os factores de localización. Os espazos industriais e a distribución mundial da industria.

## PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN

- Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspendida algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzo educativo coa finalidade de que poida aprobar a materia.

- Durante o curso os alumnos e alumnas con materias pendentes realizarán **Boletíns de Actividades** propostos polo Departamento. O docente que imparta clase a estes alumnos/as encargárase de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Os alumnos/as poderán consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lles poidan presentar na elaboración das actividades. Tamén realizaranse dúas **Probas escritas**.

- **A materia dividirase en dous parciais**. Dentro de cada parcial a realización do **Boletín de Actividades** correspondente ao mesmo significará o **30%** da cualificación do parcial, mentras que a **Proba escrita** significará o **70%** restante. Pode aprobarse a materia por parciais se se dan as seguintes circunstancias:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles)
- Obtendo unha cualificación  $\geq$  que 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais.

- Aqueles alumnos/as que non aprobasen a materia, poderán realizar unha **Proba Final** no mes de **maio** e, se é necesario, unha **Proba Extraordinaria** no mes de **setembro**, na que entrarán todos os contidos. Estas probas terán unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso:

- Unha primeira parte será de carácter **práctico** e consistirá na realización de exercicios e actividades semellantes ás realizadas na aula: comentario guiado dun mapa, gráfico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas...

- Unha segunda parte será de carácter **teórico** e consistirá na definición de conceptos básicos relacionados coa materia, resposta a preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...

- O aprobado na Proba final de maio ou, no seu caso, na de setembro, significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia mínima nas respostas e non deixar ningunha das dúas partes das que consta a proba sen responder.